

Daniel Pérez aos europeos de piraguismo

Páxina II

Salvaterra celebra o guateque máis grande de Galicia

Páxina III

A Xunta asina convenio para os danos do lume de outubro

Páxina IX

Festival Groba en Pontearreas

Páxina XIII

VIII Festa do Miño en Tui

Páxina XVIII

A gaiteira gardesa Nadia Vázquez premiada en Francia

Páxina XX



Inauguração XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira

Páxina XIX



CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO



Daniel Pérez aos europeos de piragüismo



Estes días a Tenente Alcalde Marta Valcárcel Gómez recibiu a Daniel Pérez Cortegoso no Concello de Salvaterra de Miño, tras chegar do campionato de España e antes de que empece a súa andaina no europeo.

Segundo manifesta o propio Daniel esta tempada foi a mais importante que tivo ata a data, xa que conseguiu debutar por primeira vez no equipo español de piragüismo, que ao mesmo

tempo lle da paso a competir internacionalmente tanto no campionato de Europa como no campionato do mundo, no cal acadou a posición 20. O xoven Salvaterrense está moi orgulloso dos seus triunfos nesta tempada e agora está totalmente centrado e preparándose para o campionato de Europa, que se celebrará entre o 13 de agosto e o 19, no cal espera dalo todo e desfrutar moito.

Verán de cine e bandas de música

Dentro do ciclo de cine ao aire libre que organiza o Concello na Muralla, o xoves 16 de agosto ás dez da noite proxectarase a coproducción franco-canadiense de deseño animado "Ballerina".

O vindeiro venres 17 de

agosto terá lugar o Festival de Bandas na praza do Concello coa participación da Banda de Música da UVCD de Candean, a Banda de Música de Caldas de Reis e a Banda de Música de Salvaterra de Miño.

O remendón CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL 

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en: Angulas e Lameiras, Perceiros do Río, Chocula e Prancha, Bacalao e Kikos a la vasca.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ**

Rúa Arxentina, 11- Silleda de Casellas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra de Miño celebra o maior guateque de Galicia

Centos de persoas déronse cita o pasado sábado en Salvaterra de Miño para rememorar eses anos dourados dos 60, 70 e 80.

O recinto amurallado acolleu o maior guateque de Galicia con música da época, cunha gran posta en escea, photocall, pero o mellor de todo, con unha magnífica acollida

entre os e as participantes, xa que a maior parte deles incluso se animaron a vir caracterizados, algo que tiña premio.

Preto das 3.00h tivo lugar o sorteo dunha cea, dun fin de semana de relax e unha viaxe a Benidorm entre todos e todas aquelas que viñeron vestidos de época.



Actividades de verán na biblioteca

O 1 de Agosto deu comezo a programación das actividades de verán da Biblioteca Municipal. A realización da actividade correu a cargo de Marisa Irimia, que fixo desfrutar coas súas historias aos rapaces que se achegaron á Biblioteca.

Este ciclo de actividades denominado "Vamos á Biblioteca en Verán" é una iniciativa do Concello



de Salvaterra en colaboración co programa "Ler conta moito" da Xunta

de Galicia e ten como obxectivo a dinamización e fomento da lectura.



CONDADO / PARADANTA

MARTIRENA



LUIS MAC-BEATH



Juan Carlos, Rey emerito.



Putin



Trump

FUCO PRADO





A ilusión do poder e o apego ás competencias

O político que goberna, aínda que sexa unha mínima entidade, sabe que a súa credibilidade depende de que os demais o consideren poderoso. Está rodeado de “amigos” que aspiran a quitarlle a cadeira. Como teña o menor titubeo xa está perdido. Os colaboradores, os “edecans”, os coches oficiais, o protocolo, os cerimoniais, os aplausos e incluso o “facer as neiras” dos seus adúladores préstanlle un grande servizo.

Saben que a proba para que alguén sexa poderoso é que non teña a necesidade de demostralo. Como dixo Margaret Thatcher, ser poderoso é como ser unha dona: “cando alguén ten que dicir o que é quere dicir que non o é”.

Necesitan sentirse poderosos para aceptar os sacrificios derivados do seu cargo: as tensións, as interminables xornadas de traballo, as horas roubadas á vida persoal e familiar, etc.

Os medios de comunicación non son alleos e tamén alimentan esta ficción. Tamén se senten importantes se poden tratar co Poder, aínda que esta proximidade lles reste independencia á hora de describir con realismo todo o que ocorre nos arredores dese Poder.

Hai un aspecto concreto no que se pode cuantificar: as competencias. Canto máis competencias teña máis importante é o cargo que ocupa; máis son as persoas que dirixe e máis os asuntos sobre os que pode exercer a súa influencia.

Da mesma maneira que aos homes de pouca estatura lles gustan os coches grandes, aos políticos inseguros do seu Poder tamén lles gustan os despachos grandes e os cargos con moitas competencias. De aí que sexa difícil atopar un concello, por exemplo, aínda que estea rexido por unha coalición de partidos, no que o Sr. Alcalde ceda competencias, e menos dispoñibilidade económica. Aquí ocorre o que contan dun industrial arxentino ao que lle di un amigo, “agora estás como queres, o teu fillo xa se encarga do negocio”. Si, resposta, “pero o libro

de cheques manéxoo eu”.

Os desconfiados erguen barreiras para protexer as súas competencias; os codiciosos roubanlles aos seus colegas ou tratan de quitarlles o uso. Ter máis competencias non quere dicir ser máis poderoso pero si parecelo, e as aparencias en política son cruciais. Cáseque todos queren que o sol non se poña nos seus dominios; poucos teñen en conta a vella advertencia de Lichtenberg (escritor e científico alemán do século XVIII): “O importante non é que o sol non se poña nos dominios dun poderoso senón o que se ve ao longo do seu percorrido”.

Poucos se decatan que o que proporciona influencia de verdade non é o canto, a extensión das súas competencias, senón o como, a maneira de exercelas.

Entre as competencias ningunha máis codiciada que a capacidade de nomear outros. Esta é a máis viva materialización do Poder. Se alguén pode nomear outros para ocupar postos de mando, se pode darlles poder, quen vai dubidar de que é poderoso? Nos gobernos formados por varias formacións políticas, os chamados de coalición, os nomeamentos flúen de diverso xeito. Aquí hai que respectar a composición desa coalición. Quen máis dá ostenta o máximo poder: a Alcaldía ou a Presidencia. Cada partido pelexa pola súa cota de Poder. Por esa razón estas coalicións rematan en eternos desafíos; ás veces rompen e cando non o fan crean situacións que repercuten na gobernabilidade dos cidadáns.

Outro capítulo a destacar é a corrupción.

Imaxinemos un concelleiro, un alcalde, un alto cargo da Administración duns cincuenta anos. Leva máis de 15 ou 20 dedicado á política. Antes era empregado dun banco ou dunha empresa, pero non profesor ou funcionario, de modo que non ten un posto de traballo ao que voltar cando teña que deixar a política. Pode ser unha persoa honrada aínda que, co paso do tempo, ten algo


desgastados os seus principios morais.

Aprende que na vida non todo é branco e negro; deixou de crer todo o que lle din os seus dirixentes do partido. Supoñamos que se casou por segunda vez e que lle creceu a familia. Sabe que xa lle resulta difícil, por non dicir imposible, chegar a alcalde, ministro ou presidente autonómico. Ultimamente pensa moito no futuro que lle reserva a vida. Se fora empregado podería contar cunha xubilación importante para o resto dos seus días, ou cunha compensación por despido. Pero en política

a oportunidade de cobrar unha suma importante de forma discreta a cambio dunha sinatura ou unha chamada como tantas outras que leva feito. ¿Resistirá a tentación? Moitos amigos seus e familiares gañaron diñeiro e viven “a lo grande”; ¿por qué non pode gañar el tamén algo?

Nos últimos anos o argumento desta posible novela repetíronse dunha maneira obsesiva en moitos recunchos do País. O protagonista era, as veces, un individuo sen escrúpulos. Noutras ocasións podía ser un incauto, un

FELIX



nunca se sabe. O concello ou o goberno aos que pertence poden cambiar de mans. Se se queda na rúa ninguén lle vai axudar.

Como telón de fondo deste panorama teatral vemos unha situación económica próspera. As cousas vanlle ben a case todo o mundo. O diñeiro circula a xorros. Persoas que non tiñan onde cairse mortas gañan importancias fortunas da noite pra mañá. Os que poden zafarse de pagar impostos fano sen escrúpulos. Os chanchullos están á orde do día. Alguén ofrece ao noso personaxe

pobre de espírito. Tamén unha peza importante nunha madeixa de financiación ilícita dun partido.

Moitos políticos non foron vencidos pola tentación, pero eses nunca os coñeceremos. Sabemos o nome dos que foron denunciados, aínda que quedan milleiros deles que nunca saíran nos medios.

Os partidos afectados pola corrupción defendense coa táctica do “e ti máis”, cando non cun pacto tácito para non chegar ao fondo, para non danar ao sistema político. Ou iso é o que nos din.

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

Sem tempo para parvadas

Non é seguro. Mesmo nin é o escenario máis probábel ares-tora para Pedro Sánchez. Mais o interese da presidenta andaluza por evitar a sentenza do xuízo dos ERE (auténtico caso "PSOE Andalucía"), a falla de perspectivas de continuación do apoio parlamentario por parte dos aliados que o votaron na moción de censura e máis a revitalización dunha fronte ultraconservadora PP-C's, que sementará malestar mediático os días e as noites todos, pode motivar ao presidente do Goberno do Estado para disolver, convocando eleccións contra fins de outubro-mediados de novembro.

Vimos de coñecer a enquisa do CIS de xullo que lle prognostica a En Marea

a perda da metade dos votos acadados nas eleccións de decembro de 2015. Dados moi malos, malia que a cociña de Tezanos fose nomeadamente agresiva cos mareantes. De calquera xeito non é precisa unha bola de cristal para al-biscar nebuloso o futuro mareante nunhas vindeiras estatais. Á lea xerada por Podemos, EU e algúns outros co "affaire" Paula Quinteiro compre en-gadirlle o propio cuestionamento das esquerdas españolas actúantes (máis ben paralisantes) do espazo de con-fluencia galega a respecto da fórmula aprobada no 2016 dun partido de ad-scripción individual e soberanía galega. E, no ámbito estatal, o grande fracaso da coalición "En Marea" para que se lle percebase como forza de noso. Men-

tres Compromís existe en Madrid En Marea non existe, malia os laudábeis esforzos de Fernán Vello e de Alexandra Fernández.

O BNG sería beneficiario de bastantes dos votos que en último de contas poida perder En Marea, mais isto non lle dará representación de seu dende unha lóxica de competición. Porque os números só fan posíbel un xenuíno Grupo galego (mínimo 5 deputados e un 15% de votos en cadansúa circuns-crición) ou, cando menos, unha potente presenza no Grupo Mixto que faga re-cognoscíbeis os intereses do noso País dende a suma alxebraica, dende a mul-tiplicación, dende a cooperación. Nunca dende a competición.

A propia crise/queda de Podemos e máis a experiencia nestes tres anos dende que se tentou artellar a non nata grande Maré galega (morta de

morte matada dende as executivas de Podemos, EU, Anova e BNG) obriga ser in-telixentes e xe-nerosos. A ci-dadanía precisa do BNG, de En Marea, de Compromiso por Galicia e de milleiros que hoxe non partillan ningunha destas opcións. Precisa do entendemento dun-ha grande coalición nacional, nunha candidatura galega, no entendemento entre soberanistas e autonomistas que os cursos acadaron e con él a maioría absoluta. Malia terse atacado grave-mente, mesmo con armas de fogo, no pasado.

E quen xogue en clave estatal que xogue o seu xogo, como Antón Peru-leiro. Porque non hai tempo xa para parvadas.



Carta dende Galicia a tres presos políticos

Honorables senyores Joaquim Forn, Josep Rull e Jordi Turull.
Centre Penitenciari de Lledoners.
St. Joan de Vilatorrada (Catalunya).
Galicia, agosto de 2018.

Sempre é difícil escribir dende o desfrute da vida en liberdade ás persoas que ven pasar os días na gris rutina do cárcere. Mais a tarefa faise moito máis difícil dende a lem-branza do ilexítimo proceso político e xudicial que deu no voso actual prendemento e procesamento, canda a presidenta Carme Forcadell, os Jor-dis e outras persoas compañeiras de Govern.

Sodes os tres xuristas. Coñecedes, xa que logo, que os principais fitos da reacción contra o procès dos Po-



deres Públicos españois están viciadas de manifesta ilegalidade. En primeiro lugar, o voso cesamento como con-selleiros, canda o President Puigde-mont e o Govern todo e a disolución do Parlament en inconstitucional apli-cación do 155. Sabíades que ese 155 daba legalmente, canto máis, para suspender o exercicio dalgunha

competencia, nunca para suspender o autogoberno. Velaí a vosa lexitimi-dade como conselleiros até que as vosas demisións deron cabo ao voso mandato.

Porén, conseller Forn, malia ser consciente da ilegalidade do teu cesamento por mor do 155, axiña que este foi efec-tivo cumpriches a deci-sión do Govern e despe-díche da Policía de Catalunya que lle de-mostrou ao mundo que as Institucións catalás

sabíades afrontar unha crise como a dos asasinatos terroristas do 17-A como unha nación madura. Algo que semella que boa parte do establis-hment español non che perdoa.

Tamén sodes conscientes que o Tribunal que vos está a axulgar non é competente, porque a competencia pertencelle ao Superior de Catalunya.

Que non se vos pode imputar ningunha caste de delicto de rebelión nin se-dición e que a acusación e a prisión actuais constitúen nidia aplicación do Dereito Penal do Inimigo, incom-patíbel co Estado de Dereito propio das democracias europeas.

Estades, pois, presos pola vosa ac-ción política. Unha acción que para algúns pode ser cuestionábel nalgún aspecto, mais que sempre desenvol-vestes de xeito pacífico. Sodes, pois, presos políticos. Enfrontades un sa-crificio persoal, familiar, económi-co...de moi alta magnitude dende a dignidade de non ceder á (i) lóxica dos vosos acusadores (onde por propia escolla situouse o Maxistrado instrutor, sr. Llerena) e dende a humildade de considerar a vosa achega como parte dun traballo de país.

Como avogado e xurista, como de-mócrata e cidadán galego o meu re-coñecemento e a miña solidariedade.

A miña máis cordial aperta,



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Casti-ñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Va-rela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

■ Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Honras a Ramón Castromil

O pleno do Concello de Santiago vén de aprobar unha proposta da comisión de honras que preside o amigo Manuel Dios Diz do grupo municipal de Compostela Aberta, pola que se lles retiran as distincións outorgadas durante a ditadura a nove ministros de Franco, nomeando, ao tempo, fillos predilectos a título póstumo a Federico García Lorca e a Ánxel Casal, alcalde republicano “paseado” en agosto de 1936. Pero tamén distingue coas mesmas honras a outros cidadáns, entre eles a Ramón Castromil Venturera, a proposta do Foro E. Peinador. Asemade, concédelle a medalla de ouro da cidade á agrupación folclórica Cantigas e Agarimos a instancias da Fundación L. Peña Novo.

En próxima colaboración comentaremos os méritos da agrupación folclórica. Hoxe ímonos referir aos de Ramón Castromil. O Foro E. Peinador argumentaba a súa proposta sinalando a importancia que tivo aquela empresa de transporte público na vertebración de Galicia. A numerosa frota de autobuses, renovada periódicamente con novos e confortables modelos, ofrecía a particularidade da puntualidade, pouco común nos coches

de liñas tradicionais. Mais isto só non abondaría para ser merecente Ramón Castromil, compostelán de nacemento, de tal distinción.

Como todo feito histórico ten a súa intrahistoria, vou relatar como Ramón Castromil galeguizou a empresa familiar. Iso aconteceu a comezo da década dos anos noventa. Fíxose, ademais, en tan curto período de tempo que mesmo foi excepcional pola súa celeridade. Velaquí o relato. Andabamos na Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia preocupados por estendermos a normalización lingüística a outros ámbitos da sociedade cando un bo día, despois de debatermos esas posibles opcións, decidimos recuperar o elo perdido da historia da galeguización empresarial. Tal foi o caso da conserveira Massó, que no ano 1934 rotulara as súas instalacións con letreiros no noso idioma; ou o exemplo dos Laboratorios Zeltia, adiantados na publicidade en galego coa edición do Almanaque Agrícola ZZ por mor do filantrópico galeguista Antonio Fernández López, émulo de Xesús Canabal, dono da industria papeleira máis importante da Latinoamérica –IPUSA– e fundador do Banco de Galicia,

sempre disposto a apoiar a cultura galega no exilio. Aquí, en Galicia, o exemplo de galeguismo empresarial con proxección internacional protagonizábo Isaac Díaz Pardo, dirixindo as cerámicas do Castro e Sargadelos.

Tiñamos precedentes de galeguización empresarial e agora compría darnos o salto cualitativo. Movidos por ese afán convidamos a un xantar a Ramón Castromil para falarlle dos antecedentes históricos e do proxecto para a súa empresa. Despois dun xantar, cunha demorada sobremesa na que estivo atento ás nosas propostas, déunos a arelada resposta: “Nunca ninguén me propuxo nada semellante; podemos empezar mañá a traballar no plan”. Aquel día abréuselle un novo escenario á lingua galega que foi sobre rodas; nunca mellor dito. En seis meses a empresa Castromil convertírase no exemplo de galeguización empresarial que recibiu os parabéns da sociedade galega. Rotuláronse os autobuses con nomes de personaxes das nosas letras e historia de Galicia; editáronse os “Contos do Castromil”, escritos para a ocasión por trinta e tres autores, que recibían os usuarios do transporte co billete no noso idioma. Os monitores de televisión dos autobuses reproducían documentais sobre o noso patrimonio, e os sons da música galega reemprazaron

as distintas emisións radiofónicas que tanto molestaban aos viaxeiros por mor da división das tendencias ideolóxicas. O convenio colectivo da empresa redatouse en galego coa inclusión dunha cláusula que recoñecía os dereitos lingüísticos dos traballadores e usuarios, que nunca tan identificados estiveran coa dirección da empresa.

Pasados os anos podemos afirmar que o “modelo Castromil”, como adoitabamos chamalo, ía abrir un novo e inédito período histórico, derrubando o argumentario dos prexuízos lingüísticos, que moitos empresarios secundaron. Desde entón para acó o conto cambiou moito, e para ben. Non na medida que a algúns nos gustaría, pero máis do que podíamos imaxinar. Velaí porque o Foro E. Peinador considerou de xustiza que o Concello de Santiago nomease Fillo Predilecto a un compostelán con vocación galeguista. Moito nos agrada que o día da entrega dos atributos que lle confiren tal honra sexa aproveitado polo goberno municipal para facer maxisterio galeguizador no tecido empresarial. Ali estaremos para apoiar.



Publicidade na lingua dos consumidores

Cando a ocasión o require traemos a esta sección o debate sobre a publicidade en lingua galega para afondarmos na súa utilización nas estratexias comerciais que procuran buscar nos consumidores a fidelización ás marcas que se ofrecen.

Aínda son moitos os dirixentes empresariais que consideran que o noso idioma non é o medio indicado para pregosar as bondades das súas mercadorías. Prexuízos que teñen raíces ben chantadas nas mentes de moitos creativos formados en centros universitarios nos que, polo que se ve, o profesorado transmite de continuo os mesmos tópicos e prexuízos sobre a lingua galega. Afortunadamente o andazo non está xa tan xeralizado últimamente; boas mostras son as exitosas campañas publicitarias de reputadas corporacións privadas e das administracións públicas, que son exemplares.

Na historia da publicidade en galego ten un lugar preferente o Almanaque

Agrícola ZZ, editado en 1953 pola empresa agrofarmacéutica Zeltia, radicada no Porriño. Estamos a falar dunha empresa de gran proxección internacional creada moito tempo atrás polo médico Ramón Obella Vidal e o químico Fernando Calvet. Anos despois pasaría a ser propiedade do empresario Antonio Fernández López (Lugo, 1903-1971), un home de incuestionable galeguidade que destacou como mecenas de empresas culturais. A Revista de Economía de Galicia, da que foi membro do Consello de redacción editada pola editorial Galaxia que tamén cofundou; a Granxa Agrícola de Barreiros, innovadora na formación escolar e o Centro de Estudos Fingoi, son algunhas das súas creacións durante a dictadura franquista.

Pero ao que íamos. O Almanaque Agrícola ZZ foi no seu tempo a única publicación comercial editada íntegramente en lingua galega que acadou tiradas de máis de cen mil exemplares.

Estaba pensado para o mundo rural, e abofé que cumpríu os seus obxectivos: informar sobre os produtos químicos para atallar o andazo das pragas do gando e das colleitas. Distribuíase de balde nas feiras e centros de comercialización dos produtos de Zeltia. Contínha tamén unha información variada e ampla, como a relación dos días e lugares das feiras e mercados en Galicia e as datas máis propicias para as sementadeiras, que eran de gran utilidade.

Engádaselle ademais o mérito de divulgar a cultura tradicional que tiña no refraneiro popular, o “gps” de hoxe, para orientar á xente nos íres e vires dos fenómenos atmosféricos, por exemplo. Os contos populares ilustrados por recoñecidos artistas reforzaban as mensaxes. Nun tempo no que nas casas labregas non había libros na nosa lingua, o Almanaque ZZ foi a unha publicación de lectura obrigatoria pola súa utilidade cotiá. O Almanaque foi publicación de cabeceira dos notarios no que se refire á unificación e sistemación nos textos legais de pesos e medidas, tan desemeillantes e variados en Galicia

Co gallo do 65 aniversario da edición desta publicación, o Parlamento de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística e Foro E. Peinador, conxuntamente, convocan a XXV edición dos Premios da Publicidade en Galego, dirixido ás empresas anunciantes, ás axencias de publicidade e aos centros educativos, públicos, privados ou concertados, especializados nalgunha das áreas de coñecemento que teñan que ver coa publicidade.

Establécense cinco premios, un por cada unha das seguintes categorías, segundo o medio de difusión: radio, televisión, internet, prensa escrita e un extraordinario para proxectos elaborados polo alumnado de centros educativos. As Bases pódense consultar en www.lingua.gal.

Unha das leis de ouro que rexen na publicidade é que, para ser eficaz, debe ser imaxinativa, comprensible, directa e que toque a febra sentimental dos consumidores, que non é outra non é outra que a lingua galega, a maioritaria dos destinatarios da mensaxe. Zeltia entendeu moi ben aos seus potenciais consumidores por iso lles falou en galego.

OPINIÓN

■ Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Están ahí, demócratas de totalavida!

Seguimos neste taboleiro enfrontados, bos e malos, nunha partida que vén de lonxe. Incapaces de nos entender. Para uns é ben doado, trátase de mirar para dentro –nunha fácil dedución, situarse ben e podendo ser acompañado cos seus, nun marco de preferencias que lles permita “elevarse” e ser desde a súa caridade excelsa “cacique bo” e comprensivo, que nun arrebatado de indulxencia se permita repartir migallas á plebe. Para outros trátase de compartir, de facer do beneficio da vida un algo posible e compartido, un dereito común que obrigue a participar, a implicarse. Para uns é o todo vale, trátase de saírmolos beneficiados e de garantir unha perpetuidade anque sexa mandando a paraísos fiscais o que acumulamos, despois e, se procede, xa crearemos empresas para distribuír algo dos réditos que produza a nosa xenial

idea de escravismos. Para outros é cuestión de un sosego intelixente no que se mellore pouco a pouco nos dereitos sociais, en perspectivas de futuro sostible, en reparto de xustiza, de oportunidades, de traballo, de benestar, de presente. Sabemos que custa levantar da amnesia que nos come, e desde hai moito tempo, pois isto que sucede xa sucedeu moitas veces. O malo é que non lembramos, que estamos enfermos de memoria. Que a historia non nos conta, polo miúdo, todo aquilo que pasou e que nos debera ter en “prevención”. Tamén sabemos que isto que pretendemos é difícil porque supón conciliar vontades, porque fai necesario que empuxemos “xuntos” e na mesma dirección, convencidos de que é posible un mundo novo, mellor para todos. Ao mesmo tempo, ben o saben os traidores, debemos ter presente o doado que é establecer discordias. Ben

o saben os contrarios, saben que meter velenos é dividir, emporcallar. Chega con facer presunción de culpabilidades. Pero como somos parvos e caemos na trampa que nos tenden, deixámonos ir sen recoñecer o triste que é que nos tempos que corren, afloren posicionamentos tan rancios como os que nacen de novo e que coidabamos pasados. Ule mal e cheira que abastece, de novo ule a grupúsculos, a bandos, a illamentos uniformados, a naftalinas intolerantes, a bispos de Alcalá, a neofranquismos de métodos violentos, a ministros de ducha fría e de restrición, de recortes, políticos de vellos tempos, escurantistas, daquela dereita de “bajopalio” que va en contra da Constitución que se fixo a base de pautos de silencio e de obrigas que nos afectan e ninguén dixo querer. Unha carta de vontades que fan regresar ao tempo triste da involución, da intromisión, dos estremecementos fríos, da reacción fraudulenta, da marcha atrás nas evolucións civís, das intromisións, da falta de independencia dos poderes, de ideoloxías do berro en

verbos imperativos e “legais”, dos decretos porquesí, da falta de educación, da falta de cultura e intelixencia, do atado e ben atado, da persecución e o medo, da falta de respecto, das detencións e comisarias grises do terror, dos tribunais de orde pública, do pranto indefinido, da falta de diálogo permanente, de presos políticos sen delito, de presas políticas sen presunción de inocencia... Neste cheiro a tardofranquismo que tan axiña esquecemos e aínda non se contou na Historia recente, esa mesma ideoloxía que aquí campou e que quere volver, da man dunha igrexa nefasta, da man dos poderes nostálgicos aínda asentados en tantos lugares da xustiza, da política, da banca, da patronal. Píllannos divididos e rin compracidos. E aínda executan e – de vez en cando – queren resucitar, no Mausoleo do terror, nos Pazos dos crimes. Os herdeiros andan por aí, finxindo democracias, rindo sen control.



■ Carlos Méixome

Máis nomes de cidades

Referinme en colaboracións anteriores a diversas mudanzas no nome de cidades ou vilas, polo que poderíamos chamar “exceso de historia”. Hai uns días referíámonos a San Petersburgo ou Istambul. Tamén podería ser este o caso da cidade de Tsaristsyn, onde se xuntan o río Tsaritsa e o Volga; así denominada durante catrocentos anos,

Seica o nome de río, e da cidade, provén do tártaro; de “sary su” que se podería traducir como “auga amarela”. Debía ser a a súa cor natural; aínda que pola historia acaeríalle mellor “auga vermella”. As matarifadas que se fixeron nas súas beiras foron tamén excesivas.

A primeira de soa foi baixo o reinado do segundo dos Romanov, Aleixo I, cando se “fixou” aos servos á terra, permitiuse a súa persecución durante 15 anos e autorizouse a súa venda ou cesión. Os motíns estendéronse por todas as Rusias, pero esta area foi o centro da revolta encabezada por Stiepan Razin, quen proclamou a República cosaca e aboliu a escravitude. Entre

cosacos e boiardos tinguiron de vermello os dous ríos. Cento e pico de anos despois (1773) os cosacos do Don volvéronse erguer contra o imperio, agora encabezado por Catarina A Grande



e o sangue volveu empapar a terra.

Centos e poucos anos máis tarde os exércitos de cores asolaron as terras chás entre Don e Volga. O negro dos anarco-comunistas; o branco da aristocracia, menxeviques e outros; o

verde dos campesiños e aliados e o vermello dos bolxeviques. A terrible guerra civil endureceu os corazóns e a cidade mudou de nome para homenaxear o conquistador da cidade, Stalin.

Non tiveron moito tempo para reconstruíla. Neste enclave estratéxico concentráronse as forzas do exercito vermello para deter o avance das tropas alemás, italianas e romanesas. A batalla

de Stalingrado pasa por ser unha das máis terribles e prolongadas da historia, iniciouse o 21 de agosto de 1942 e rematou o 2 de febreiro de 1943. O 90% da cidade eran ruínas, sobre dous millóns de mortos ficaron na “cidade

heroica”. O 29 de novembro de 1943 Winston Churchill, en presenza de Franklin D.

Roosevelt, fíxolle entrega a Stalin da longa espada gravada e engalanada de xoias que o rei Xurxo VI mandou forxar en homenaxe aos defensores da cidade, entre os que acadou sona o francotirador Vasili Záitsev que Jude Law popularizou no filme de Jean-Jacques Annaud, Enemy at the Gates.

Os libros de historia, a literatura, o cine, os videos-xogos manteñen vivo o nome de Stalingrado, aínda que só se denominou así entre 1925 e 1961. Tras a desestalinización trocáronlle o nome polo de Volgogrado, a cidade do Volga. Durante os anos oitenta do pasado século houbo certos intentos de retornar ao nome heroico; mesmo na actualidade hai un ruxe-ruxe fundado en que polo mundo adiante a xente sabe ben onde é Stalingrado, pero non tanto que a cidade presidida pola estatua da Nai-Patria se chame Volgogrado.

O que non deixou foi de azoutala o vento da guerra en forma de atentados suicidas en 2013.



A Xunta asina convenios con varios concellos da provincia para reparar os danos da vaga de lumes de outubro



A directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, trasladouse o pasado 31 de xullo a Vigo e Pontevedra para asinar os convenios de colaboración con varios concellos da provincia, polos que a Xunta financiará ata o 50% da reparación dos danos que se ocasionaron nas infraestruturas municipais durante a vaga de lumes do pasado mes de outubro.

En toda Galicia, o número de concellos beneficiados por esta iniciativa ascende a 40. No caso da provincia da Pon-

tevedra, son 15: Cerdedo-Cotobade, A Guarda, Mondariz Balneario, Ponteareas, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, A Cañiza, As Neves, Ponte Caldelas, Baiona, Mos, Pazos de Borbén, Soutomaior e Vigo.

O importe de cada convenio foi calculado en función da información facilitada polos propios concellos, e a comprobación técnica in situ para determinar se eran ou non gastos subvencionables.

Esta era unha das liñas de axudas incluídas na orde conxunta que habilitou o Goberno galego para facer fronte aos

danos producidos polos incendios, cuxo orzamento ascendeu a 13,2 millóns de euros. A este orzamento hai que sumar os 9,8 millóns de euros investidos pola Xunta en actuacións directas en distintos ámbitos: nos montes e estradas afectadas, ou nos parques naturais.

Esta convocatoria conxunta do Goberno galego habilitou axudas para poder paliar os danos causados pola vaga de lumes nun amplo abano de supostos, como a de afectación a bens de titularidade municipal; pero tamén a vivendas, negocios e, por suposto, por danos persoais.

A Deputación concede subvencións a 25 entidades sociais para o fomento da igualdade e a loita contra as violencias machistas



A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar a concesión de subvencións, por valor de 100.000 euros, a 25 entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro de 12 concellos da provincia para a posta en marcha de iniciativas para fomentar a igualdade e loitar contra as violencias machistas. Este ano, o goberno de Carmela Silva incrementou nun 47%, é dicir, 32.000 euros máis que con respecto ao 2017, a contía destinada a esta liña de subvencións.

A Deputación de Pontevedra, a través desta iniciativa, está a apoiar ás entidades sociais da provincia para que poidan desenvolver proxectos e actividades de sensibilización; formación e prevención da violencia de xénero; proxectos de atención integral para vítimas de violencia de xénero, fillas e fillos e persoas dependentes ao seu cargo; programas e actuacións destinadas a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades; proxectos e actividades que favorezan e fomenten a igualdade entre mulleres e homes; proxectos en-

camiñados á mellora da formación e orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres; accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e campañas de difusión e sensibilización á cidadanía en materia de igualdade.

Estas achegas, por concorrencia competitiva, súmanse ás tamén concedidas hai unhas semanas, por valor doutros 220.000 euros, dirixidas aos concellos da provincia que están a desenvolver proxectos en prol da igualdade e para previr as violencias machistas. Ao respecto, Carmela Silva destacou que "é unha das nosas liñas estratéxicas e obxectivo prioritario o fomento da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes". Por este motivo, a presidenta da Deputación asegurou sentirse "moi satisfeita de que nun prazo moi curto de tempo teñamos aprobadas achegas, tanto para concellos como para entidades, por valor de 320.000 euros para proxectos e actuacións que teñan por obxectivos acadar a igualdade e eliminar a lacra das violencias machistas".



Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

milfollas

milfollas@mundo-r.com

OPINIÓN

Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil: La Escuela Activa y el entorno.

Una aproximación a través de los paseos, visitas y excursiones durante la Segunda República.


Analízase neste libro a renovación pedagóxica que se levou a cabo durante a Segunda República, co estudo da política escolar dos diferentes gobernos e das principais reformas educativas. Tras este marco xeral, abordamos a colaboración dun mestre, José Benito González Álvarez, e un inspector de primeira ensinanza, o catalán José Muntada Bach, nunha zona rural da provincia de Pontevedra, A Cañiza, entre 1934 e 1935, co impulso dos Centros de Colaboración Pedagóxica, a Semana e a Misión Pedagóxica de 1934, o xornal freinetiano Faro Infantil que o mestre

José Benito González creou na súa escola de nenos da Cañiza, e a análise dunha obra conxunta, Paseos, visitas y excursiones de la escuela activa, publicada en Ribadavia en 1934, e que recuperamos do esquecemento.

Rescatamos o traballo de «vitalización escolar» realizado na Segunda República por un mestre e un inspector, cuxas traxectorias diverxen traxicamente trala guerra. A aposta de ambos pola cooperación entre docentes e a apertura dos muros da escola ao medio próximo é unha mensaxe plenamente válida na actualidade: aprender da vida para a vida.

O libro foi presentado o pasado domingo, 5 de agosto, no Centro Artístico Cultural da Avisoureira (Guláns), coa presenza do Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, a Concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, Sara Soto, testemuña daqueles tempos e sobre a cal publicamos en Novas do Eixo Atlántico o libro A forxa da memoria. Historia de vida de Sara Soto (2015), e un numeroso público, nunha parroquia tradicionalmente sensible á cultura e aos avances educativos xa dende os tempos da Segunda República.

Anxo Serafín Porto Ucha
Raquel Vázquez Ramil



Santiago: Andavira, 2017.
ISBN: 978-84-8408-334-4, 197 pp.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

O PORRIÑO

A Policía Local realizou no que vai de ano máis de 1.000 probas de alcoholemia e imputou 22 delitos a condutores que superaron os 0,60mg/l

No primeiro semestre deste 2018 axentes da Policía Local do Porriño realizaron máis de 1.000 probas de detección de alcohol a condutores das que 47 foron positivas, imputando 22 delitos contra a Seguridade Vial ao superar as taxas os 0,60mg/l.

Segundo subliña o xefe da Policía Local, dende principio do ano realízanse controis de alcoholemia en distintos puntos do concello, pero “das 47 probas positivas, so 19 foron nestes puntos, sendo a maioría por infraccións de tráfico”.

De todas as probas realizadas, 25 corresponden a denuncias administrativas (o 53%) e 22 a denuncias penais (o 47%), ao superar os 0,60 mg/l de aire espirado. Polo que se refire a estas últimas denuncias, hai que salientar que todas as probas positivas realizadas, 6 en total (o 13%) deron un resultado superior a 1,00 mg/l de aire espirado, sendo a taxa máis alta de 1,52 mg/l, o que representa seis veces o máximo legal establecido.

Polo que se refire ao xénero dos infractores, o 91% deles foron homes e un 9% mulleres; o 13% dos positivos



foron condutores implicados en accidentes, “o que salienta os riscos que supón conducir baixo os efectos do alcohol, hai que lembrar que de cada 100 accidentes mortais de tráfico que hai en España o alcohol ten que ver en entre 30 e 50 de eles”, sinala o xefe da Policía Local.

O xefe da Policía Local subliña que as multas por conducir bébedo van dos 500 aos 1.000€ e a retirada de 4 a 6 puntos no Permiso de Conducir. As sancións penais poden chegar ás penas de cadea de 3 a 6 meses, cunha multa de 6 a 12 meses ou de traballos en beneficio da comunidade durante 31 a 90 días e, en calquera caso, a retirada do permiso de conducir vehículos a motor entre 1 e 4 anos.

O Porriño xa é o segundo concello de Galicia no que máis medra o saldo vexetativo

O concello do Porriño é o segundo de Galicia no que máis medra o saldo vexetativo e o primeiro da provincia de Pontevedra, segundo os datos difundidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE), referentes a o ano 2017.

Dacordo cos mesmos, os nacementos superaron ás defuncións no Porriño en 57 persoas, so por detrás de Ames, e moi por diante dos concellos pontevedreses, que en conxunto perden 2.485 habitantes, e dos da Área Metropolitana de Vigo, na que houbo 695 mortes máis que nacementos.

Tres anos consecutivos con saldo positivo pasando a ser o segundo concello galego

No ano 2017 rexistráronse no Porriño 206 nacementos e 149 defuncións; en 2016 o saldo demográfico do Porriño foi de 45 nacementos máis que defuncións (por detrás dos concellos de Ames e de Arteixo, en A Coruña); en 2015 os recen nados tamén superaron aos mortos en 57 persoas- daquela por detrás dos dos

concellos coruñeses.

“O ano pasado xa superamos a Arteixo e O Porriño é o segundo concello de Galicia onde hai máis novos habitantes que mortes, un dato que sumado ao incremento da poboación, certificado polo INE, fará que a finais deste 2018 esteamos en condicións de superar, oficialmente os 20.000 habitantes”.

So 13 dos 313 municipios, un 4,3%, rexistraron o ano pasado máis nacementos que mortes e no conxunto de Galicia os mesmos foron de 18.312- un 3,9% máis- fronte a 31.676 defuncións, o que supón que a finais do ano pasado había 13.364 galegos menos, o que encadea 25 anos consecutivos de perda de poboación.

A esta situación non son alleas as grandes cidades galegas: en todas elas hai máis mortes que nacementos, fronte ao aumento do número de habitantes do Porriño, que a finais de 2016 xa superara en poboación total a Moaña a concello coruñés de Boiro e ao lucense de Monforte.

SEÑORÍO DE RUBIÓS

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amaro,
DESCÚBREOS!

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós - As Neves, Pontevedra, Galicia
886 667 212 info@srubios.com

SEÑORÍO DE RUBIÓS
www.srubios.com

MISCELANEA

Luis Davila, Marc Taeger e Carlos Blanco súmanse á programación do FICBUEU 2018

Os ilustradores “debuxarán coa luz” ao son da música en directo de Fuzzo e o actor ofrecerá un dos seus divertidos monólogos

O 11º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu segue sumando destacados artistas ás actividades que complementarán as proxeccións do certame. Deste xeito, reeditárase o espectáculo ‘Debuxando coa luz’, nesta ocasión cos ilustradores Luis Davila e Marc Taeger creando ao son do jazz de Fuzzo, e a programación incluírá tamén un dos poucos monólogos que Carlos Blanco ofrecerá este ano en solitario.

Davila e Taeger encherán de luz e cor o auditorio do

Centro Social do Mar o sábado 8 de setembro, a partir das 23 horas, acompañados pola música en directo de Fuzzo, formación que reúne a tres estrelas da escena jazzística galega amantes da improvisación, como son Virxilio da Silva, Xan Campos e Chus Pazos. ‘Debuxando coa luz’ convértese así nunha espectacular proposta artística de carácter multisensorial ambientada no mundo do cinema, onde o público viaxará a través de distintos xéneros filmicos mergullándose nunha perfecta conxunción en-

tre a música experimental e a proxección dos orixinais debuxos elaborados en tempo real. Unha experiencia única que porá en cuestión os límites da creatividade.

O humorista e actor Carlos Blanco, vello amigo do FICBUEU, ofrecerá o domingo 9 de setembro, ás 22 horas, unha das escasas actuacións en solitario que realizará este ano. No entanto, o monologuista non estará realmente só, xa que vai contar coa complicidade da comparsa bueuesa Vou nun Bou, da que forma parte hai algún tempo. Logo de dous espectáculos realizados con Luis Davila e tras xirar con Xosé Touriñán coa proposta ‘Somos

criminais’, está por ver se no Centro Social do Mar falará dos kiwis, de Galizara, de Bueu, da dobraxe porno en Galicia ou da serie ‘Fariña’, éxito de audiencia que vén de coprotagonizar.

As entradas para ambos os dous espectáculos están xa á venda en www.ficbueu.com, a un prezo de 5 euros ‘Debuxando coa luz’ e de 10 euros no caso do monólogo de Carlos Blanco. Complétase así a oferta de actividades con entrada, que inclúe tamén o concerto de Xoel López, o programa radiofónico



Carlos Blanco

Carne cruda e mais o show ao vivo ‘De Galicia a Hollywood’, mentres que o resto de propostas paralelas serán de acceso gratuito. Na web poden adquirirse asemade as entradas e abonos para as proxeccións das seccións competitivas do FICBUEU, que se desenvolverá entre o 7 e o 15 de setembro.

XXI Festival Internacional de Jazz de Cangas

O XXI Festival Internacional de Jazz, Canjazz, terá lugar entre os días 19 e 22 de agosto en Cangas do Morrazo.

Ao igual que en anteriores edicións, o Canjazz inclúe master classes, obradoiros, jam sessions e concertos de noite. As jam sessions faranse públicas no concerto do vindeiro domingo 19 a cargo de Javier Marcos Trío – será no restaurante e terraza Menduña ás 20h-. Nas actividades paralelas destacan os obradoiros, un deles para nenos e nenas sobre improvisación e outro de iniciación ao jazz para persoas que xa teñen algún coñecemento mínimo dalgún instrumento, e as catro martes clases programadas para os días 20, 21 e 22. O día 20 pola mañá a master class correrá a cargo da cantante estadounidense Erin Corne e versará sobre técnicas de canto, e pola tarde será a quenda do contrabaixista grego Petros Klam-



panis sobre como atopar a voz propia como artista. O día 21 será David Aristegui o encargado de falar sobre os dereitos de autor, e o día 21 o batería Jeff Williams dará unha clase práctica de combo. Tanto para os obradoiros como para as master classes, as inscricións poden formalizarse no enderezo jazzcangas@gmail.com.

En canto aos concertos, o domingo 19 o festival será inaugurado pola Orquestra de Jazz de Porto, no que significará a volta dunha gran banda

a esta cita. O luns chegará o trío capitaneado polo contrabaixista Petros Klampanis, o martes será a quenda para o cuarteto encabezado pola frautista coruñesa María Toro, e o mércores para o quinteto do contrabaixista argentino asentado en Portugal Demian Cabaud. Tamén o mércores ás 19h no Salón de Plenos da Casa do Concello terá lugar unha mesa redonda baixo o título ‘A música é traballo’ na que participarán David G. Aristegui e Manuel Alonso.



máis info na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Ponteareas devolve ao mestre Groba a súa aportación á cultura galega cunha sexta edición do Festival Groba

A Orquestra de Cámara Galega presentou no concello de Ponteareas a sexta edición do Festival Groba que terá lugar do 18 ao 24 de agosto. No acto de presentación deste festival que, ano tras ano, se proclama como a cita máis relevante de divulgación da música clásica, estiveron o Alcalde de Ponteareas, o Deputado de Cultura Xosé Leal, o secretario Xeral da Consellería de Cultura, Anxo Lorenzo e a cellista da OCGA, Alba Reiris acompañados de Rogelio Groba Otero, director concertino do festival.

Co apoio do concello de Ponteareas, da Deputación e da Consellería de Cultura, o Festival Groba tenta devolver toda a aportación que realizou ao mundo musical e cultural o mestre Rogelio Groba Groba constituíndo unha oportunidade única de gozar dos mellores intérpretes da música clásica.

Pero ademais, para o Alcalde de Ponteareas o festival Groba tamén serve para “promocionar e dar oportunidade aos novos talentos que nesta semana ade-

mais de ofrecer concertos tamén aprenden dos mellores mestres da actualidade”.

Como en cada edición, teremos a ocasión de compartir escenario cada noite, ás 21:00 h, con grandes intérpretes cunha longa e moi importante traxectoria internacional, así como con outros que inician unha máis que prometedora carreira na escena musical.

“No noso constante empeño de innovación, na presente VI edición do Festival Groba contaremos con dous sons que marcarán a diferenza coas pasadas: o son do vento-metal e o son da voz coral. O vento-metal terá como máximo representante o gran instrumentista Pacho Flores, artista de Deutsche Grammophon, considerado como unha verdadeira referencia mundial no eido da trompeta, e Hercules Brass, o quinteto galego de referencia que será o encargado de estreir a obra Distorsións Ubedianas do mestre Groba, dedicada á fantástica creación do pintor pontevedrés Rafael Úbeda, e

da que poderemos desfrutar no propio auditorio o día do concerto”, adianta Rogelio Groba Otero, director concertino do festival.

Outra das novidades é a actuación dun dos coros máis importantes do panorama europeo, o Coro de Cámara de Pamplona, que interpretará, xunto á OCGA a emblemática Cantata, Cantigas de Mar, con textos de Filgueira Valverde e realizará a estrea mundial dunha das últimas obras compostas polo mestre Groba, Rosalía na Catedral, obra que pon música ao poema de Rosalía de Castro en 8 movementos.

Ademais das obras do mestre Groba, formarán parte dos repertorios dos concertos de cada noite moitos outros compositores como J. Neruda, C. Saint-Saëns, G. Faure, Mozart, E. Granados, Mendelssohn, J. Turina, Beethoven... En canto á academia, este ano estará dedicado ás masterclasses de trompeta, cello, violín, viola, cello, piano e música de cámara.

Este ano, igual que na pasada



edición, a Orquestra de Cámara Galega, orquestra residente do Festival Groba desde o seu inicio no 2013, sairá do auditorio e realizará un concerto na Residencia de Maiores Santa Ana para achegar a música clásica e o espírito do festival ás persoas maiores con dificultades de mobilidade.

Así mesmo, o Salón de Plenos do Concello será escenario dun concerto de cámara co afán de pór en valor o noso patrimonio e festexar así o 120 aniversario da sede municipal.

Na VI edición do Festival Groba, os obxectivos seguen a

ser a divulgación da música do compositor Rogelio Groba, un dos mellores e máis prolíficos compositores españois que atesoura 720 obras de tódolos xéneros musicais, dende sinfonías a óperas o fomento do estudo da música clásica, tal e como destacou o deputado de Cultural Xosé Leal, e establecer as canles que faciliten a aprendizaxe con mestres internacionais que complementen a súa formación e, desde Ponteareas, continuar mantendo o nome de Galicia como punto de referencia da música de cámara desde o máis alto nivel internacional.

Espectacular concerto da Banda de Música de Xinzo xunto aos campións galegos e estatais de bailes de salón

O auditorio municipal Reveriano Soutullo de Ponteareas quedouse pequeno para presenciar o concerto-espectáculo que ofreceu o pasado domingo 12 de agosto ás 21:00h, a Banda de Música Xuvenil de Xinzo coa colaboración das parellas de bailes de salón formadas por; Miguel Zurita e Gabriela Holt, Adrián Esperón e Noemi Abal, e Ángel García e Noelia Pintos. Todos eles campións autonómicos, estatais e finalistas internacionais nas súas respectivas modalidades deste

complicado e vistoso deporte.

O concerto axuntou espectáculo musical e visual, o público gozou de bailes de diferentes estilos musicais en combinación coa música da banda. As parellas e a Banda de Xinzo, amosaron unha complexidade de execución nesta innovadora fusión que foi respondida polos innumerables aplausos dos alí presentes.

Ademais deste magnífico espectáculo de baile, a Banda de Xinzo, interpretou outras obras nas que interviñeron diferentes solistas da propia

agrupación con temas moi variados como “Noites de lúa na praia” de Xosé Luís Represas, con gaita solista; ou “Rolipops” de Jean François, cun dúo de trompetas.

Ó rematar o concerto, as máis de 500 persoas que enchían o auditorio municipal, dedicáronlle unha acalorada ovación. Poñéndose todo o patio de butacas en pé como mostra de agradecemento e felicitacións aos membros da Banda de Música de Xinzo e as 3 parellas de bailes de salón, polo espectacular con-



certo ofrecido.

Francisco Represas, Presidente da Banda de Xinzo, quere agradecer a todo o público a súa asistencia, e convida a todos os amantes á música ao

próximo concerto “Unha noite con Lela”, que ofrecerá a Banda de Música de Xinzo o domingo 30 de setembro no auditorio municipal de Ponteareas como peche ás festa de San Miguel.

BAIXO MIÑO

O Club Deportivo Miño gaña o Campionato Galego de Promoción de Slalom

O domingo día 12 celebrouse en Dumbría o Campionato Galego de Promoción de Slalom. Esta é a sexta proba da Liga Galega de Slalom, e a máis importante, ao ser Campionato e non Copa, e na que o Club Deportivo Miño se proclamou gañador.

Os Teixugos acudiron ao evento con oito deportistas, os máis pequenos do club, moitos dos cales participaron en kaiak e canoa. O noso representante máis novo, Javier Lluch, acadou medalla de prata en K1 benxamín, na categoría alevín; o seu irmán Adrián Lluch, foi 8º, tanto en K1, como en C1.

A categoría con máis representantes foi a Infantil con seis piragüistas; en K1 masculino o podio foi enteiramente teixugo: Sergio Rodríguez foi ouro, Alexis Segadaes prata e Samuel Castro bronce. Na mesma



categoría Mateo Álvarez foi sétimo, mentres que na modalidade de canoa ou C1 resultou gañador Samuel Castro, e o seu compañeiro Sergio foi 3º.

En infantil feminino non poido ser mellor o balance; Ainhoa Barreiro fíxose coa medalla de ouro en K1 e bronce en C1; a súa compañeira Alba Soutelo acadou o ouro en C1 e

a prata en K1.

Resumindo, o Club Deportivo Miño-Teixugos volveu do Campionato Galego con catro medallas de ouro, tres de prata e tres de bronce. Na clasificación final por clubs, resultaron gañadores, por diante do Piragüismo Penedo de Caldelas e do Montaña Quixós de Monforte de Lemos.

VI Certame de Pintura ao Aire Libre Antonio Fernández

O Concello de Tomiño organiza o Certame de pintura ao aire libre Antonio Fernández. Unha cita cultural á que asisten moitos artistas da comarca e outros puntos de Galicia, para pintar no entorno do Espazo Fortaleza de Goián.

A cita desta sexta edición será o día domingo 19 de agosto e poden participar, de balde, todas as persoas que o desexen, a partir dos 18 anos de idade.

A inscrición, totalmente gratuíta, pode realizarse telematicamente (<http://tomino.gal/inscripcion-de-actividades-de-arte-e-patrimonio>) até o día venres 17 de agosto, ou ben, presencialmente, o mesmo día do certame, na Aula Antonio Fernández, de Goián (situada na Ave-



nida Ordóñez, a carón da praza), entre as 9.30 e 11.30 horas.

O certame comezará entre ás 9.30 e as 11.30 horas do día 19 de agosto, na devandita aula-museo.

Os premios establecidos, patrocinados polo Concello e a Comunidade de Montes de

Goián, son tres: o primeiro de 1000 euros, e o segundo e terceiro de 500.

As obras premiadas e tamén as demais realizadas no certame, serán expostas no Mercado Municipal entre o 21 e o 31 de agosto, para que poidan ser visitadas por toda a veciñanza.

Festival de Músicos Xoves no Rosal

Este fin de semana chega de novo, como cada verán, unha nova edición do Festival de Músicos Xoves, que se ven celebrando dende o ano 1989.

O sábado 18 de agosto terá lugar na Praza do Calvario a partires das 20:30 horas o Festival de Bandas. Este ano contaremos coa participación de dúas interesantes formacións. Intervirán a Banda de Música Municipal da Estrada, banda do noso actual director, José Javier Bascoy e tamén contaremos coa banda ourensana "A Lira de Ribadavia", que ven de

gañar o Certame Internacional de Bandas de Música de Valencia, na súa 3ª sección. Rematará o festival a nosa banda cun programa de música española, no que Márcio Pereira será o protagonista co seu requinto.

O domingo 19 de agosto será o turno das corais, no Auditorio do Rosal, ás 20:00 horas. Contaremos coa presenza da Coral Polifónica de Vila Nova de Cerveira (Portugal), dos nosos veciños da Guarda Coro Cantábile, dirixidos polo rosaleiro Avelino Ferreira e rematará a Coral da Agrupación Musical do Rosal.



na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLANTICO

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DE GALIARCA

A GUARDA

A Guarda acolleu o Desfile Folclórico Tradicional e das Bandas Mariñeiras das Festas do Monte 2018

O sábado 11 de agosto celebrábase na Guarda o Desfile Folclórico Tradicional e das Bandas Mariñeiras enmarcado nas Festas do Monte 2018.

Ás 12:00h do mediodía saían dende a Alameda da Guarda os diferentes grupos, encabezando este desfile o Grupo de Maiores da Guarda, Do Lusco ó Fusco, Orballo, A Boalleira, entre outros. Tamén numerosos particulares ataviados cos traxes tradicionais galegos, antes de dar paso ás 21 Bandas Mariñeiras, dende A Banda Negra ata Ó Amparo do Monte, a última banda formada e que cumpriu este ano o seu 10º aniversario. Tamén resaltar o 50º aniversario da Banda Mau Mau nesta edición 2018.

Milleiros de persoas congregáronse nas rúas da Guarda para presenciar este multitudinario e colorido desfile que rematou no Porto da Guarda.



Vindeiros Rastrexos

Continúa a tempada de Rastrexos no sur da provincia de Pontevedra na que como cada ano vanse sumando novas citas tanto en Rastrexos nocturnos para adultos como na súa modalidade infantil. As datas dos vindeiros eventos son: o sábado 11 de

agosto o II Rastrexo Barca de Loimil-Arbo "Imos de Romaría" e o I Rastrexo Infantil de Camos (Nigrán), o sábado 18 de agosto o V Rastrexo de Fornelos (Salvaterra), o 24 e 25 a IV Andaina "O Camiño do terror" en Nigrán, o 25 de agosto o XVI Rastrexo de Pexegueiro (Tui) "Juego de Tronos" e o sábado 1 de setembro o II Rastrexo Lendas de Taboexa (As Neves).

«Trieb» a fotografía coma forma de expresión



A Sala de exposicións do Centro Cultural da Guarda acolleu o martes 7 de agosto a inauguración da Exposición de fotografía «Trieb», da autoría de Jesús Rodríguez Ortíz.

No acto de inauguración interviron a Concelleira de Cultura, Elena Baz e Jesús Rodríguez Ortíz, autor das fotografías, acompañados de preto de medio cento de asistentes, entre familiares e amigos.

Jesús Rodríguez Ortíz é un médico-pediatra descendente de familia guardesa nado en Bilbao e é un apaixonado da fotografía, participando en varios concursos, publicacións, libros e mesmo na Revista National Geographic, cunha fotografía do Museo Guggenheim de Bilbao.

Forma parte do CCC Centro de Fotografía Contemporánea de Bilbao, onde acadou un novo obxectivo na súa obra

fotográfica, expresar a través das fotografías a sensación persoal de como se ven as cousas que nos rodean.

O título desta exposición «Trieb», ven dun impulso, dunha mirada, aquela mirada da despedida do seu pai antes de falecer.

Nesta mostra fotográfica, cun total de 18 fotografías, 14 delas en tamaño 20x30, amósase a través de imaxes en branco e negro a súa maneira de expresar as cousas con lugares da vila da Guarda. Ademais, os visitantes que se acheguen a esta exposición, poderán desfrutar dun portaretratos moi especial, feito en madeira polo seu avó, unha herdanza familiar.

A exposición se pode visitar ata o 18 de agosto nas instalacións do Centro Cultural da Guarda, en horario de Luns a Venres de 9:00h a 14:00h e os sábados en horario de 10:00h a 13:00h.

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍLS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

MATRÍCULA GRATUITA

CENTRO DE ESTUDOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

BAIXO MIÑO

A GUARDA

As Festas do Monte Trega pecharon a Romaría do Xantar con chuvia ao atardecer

Por Juan Louzán.

N on por iso os guardeses, acompañados moitos de familiares e amigos chegados de fora, abandonaron o recuncho escollido de antemán para depoisitar todo o cargamento de empanadas, asados, mariscos, tartas, sandías, xelados, cafés, chupiños de augardente de herbas, melóns, viños da terra, sillas, mesas, toldos, carpas, tendas de campaña, donde gozarian con enorme agarimo grandes, medianos e pequenos. Gaitas, bombos, pandereitas, algunha guitarra e acordeón ... completaron unhas Festas do Monte 2018, como algo único no Baixo Miño. Non é so en Navidade donde ha xuntanza de casi toda a familia abundan os bicos, abrazos e bágoas con sorrisos inolvidables.

Nas Festas do Monte se produce un gran encontro de familiares e amigos de longa historia emocional. "Se chove, que chova". Según a intensidade se recolle un pouco antes, pero nunca deixaron de comer, beber, falar polos codos, e bailar ao son de gaitas e bombos. É a festa mais enxebre do ano e os guardeses non estaban dispostos a rendirse ante un orballo. Durou a chuvia un par de horas, e todos celebraron o fin da semana grande bailando Oliñas veñen e van. Non era san Fermín, era a despedida da 105ª ROMERÍA do Xantar en grupo familiar e de amigos, na cumbre e na baixada, parque do Cancelón, rematando coas empanadas de xouba, ternera, galiña, chourizo, bacallao, polbo, zamboriñas... que a primeira hora da mañan do domingo, entre

néboa e sol, xunto con lonas, plásticos, e tendas, subiran aos recunchos de sempre, cos coches a tope.

Festas vividas con gran intensidade. Un bo programa e organización realizado pola Comisión. Cada mañá un grupo de gaiteiros e pandereiteiras percorrían as ruas da Guarda aledando as caras dos guardeses. Verbenas cada noite, diversas atraccións tanto no porto, como no Auditorio San Bieito, na Praza do Reló, na Alameda, competicións deportivas e de pesca... non deron descanso nin respiro a guardeses e turistas ata o último momento.

O broche de ouro foi este luns as 24 horas, con trinta minutos de tirada de fogos de luceria multicolor desde as pedras do espigón do faro roxo. Agora toca morriña hasta o ano que ven.



En baño

laguardia & moreira

www.laguardia-moreira.com www.multimat.es -902 18 20 00- atcliente@laguardia-moreira.com

La Coruña - Vigo - Villagarcía - La Guardia - Multimat Ourense - Multimat Narón

A GUARDA

A Exposición de Costiña acada máis de 8000 visitas no Museo do Pobo Galego

A mostra «Camiños da imaxe. Arquivo de Joaquín García Portela 'Costiña'» inaugurouse no mes de abril no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela.

O Museo do Pobo Galego, en colaboración co Proxecto Socheo e o Concello da Guarda, expuxo as fotografías e os filmes deste pioneiro fotógrafo e cineasta guardés, acadando máis de 8000 visitas, destacando entre elas visitas de toda a xeografía galega, nacional e tamén internacional.

O Proxecto Socheo para a recuperación da memoria visual da Guarda e o Baixo Miño foi o encargado do traballo de investigación e recuperación dos arquivos, datados dos anos 20 e cedidos pola familia do autor. Co apoio do Concello da Guarda, estes materiais mostráronse primeiramente nesta vila (2016), nunha exposición da que agora podemos gozar en Santiago de Compostela.

Nesta liña, Antonio Lomba, Alcalde da Guarda, destaca a importancia dos labores de



recuperación e difusión do traballo deste pioneiro guardés, «cun gran valor etnográfico e sentimental para A Guarda» por retratar escenas da vida cotiá dunha época, ata fai pouco inéditas.

A mostra está enmarcada nas actividades paralelas á Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) do Museo do Pobo Galego.

Sobre a obra de «Costiña»

Joaquín García Portela naceu na Guarda en 1894. Emigrou a Bos Aires (Arxentina), onde afondou na súa formación como fotógrafo, retornando á vila xunto coa súa familia nos anos 20. Aquí abriu o seu es-

tudo de fotografía, exercendo ata a súa morte en 1957.

O seu interese pola técnica levouno a sacarse a licenza de técnico de radios e a mercar un proxector e unha cámara Pathé de 9,5 mm, coa que realizou numerosos filmes de tipo familiar e costumista. «Costiña» foi, así, o precursor do cinema na Guarda.

O seu arquivo contén os primeiros filmes feitos sobre A Guarda e por un guardés que se conservan na actualidade, realizados entre os anos 1926 e 1929; mais tamén exerceu como fotógrafo, dándolle unha natureza polifacética e orixinal ás súas imaxes.

A Exposición –As achegas das Mulleres á sustentabilidade do mar– amplíase ata o 7 de setembro

A exposición “Sustentabilidade en feminino: Achegas das mulleres á sustentabilidade do mar” prorroga a súa estancia no Museo do Mar da Guarda ata o 7 de setembro. Grazas a esta mostra promovida pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, todas as persoas interesadas poden coñecer máis de cerca a participación e o papel da muller no mundo do mar en horario de 11.00 h a 14.00 h e de 18.00 h a 21.00 horas os sábados, domingos e festivos.

“Sustentabilidade en feminino” chegou á vila do Baixo Miño en xuño despois do seu paso polo Campus de Ourense, de Vigo e o de Pontevedra. De feito, foi neste último no que xurdiu a idea, da man da directora do proxecto, María Álvarez Lires, de impulsar unha exposición para darlle visibilidade ao papel da muller e á súa contribución na economía do mar, poñendo en valor o traballo que as mulleres desenvolveron ao longo dos séculos en relación co mundo marítimo.

A mostra, que pode verse



no Museo do Mar da Guarda está composta por vídeos, fotografías de redeiras, de mariscadoras, de vendedoras de peixe, de mulleres salgando ou conservando, científicas como a oceanógrafa Ángeles Alvariño ou a que fora directora do Instituto Español de Oceanografía, Aida Fernández. “Sustentabilidade en feminino: achegas das mulleres á sustentabilidade do mar” recolle tamén imaxes, moitas delas inéditas, que serven para recuperar nas aulas o oculto saber das mulleres do mar e promover a igualdade e a acción positiva entre as futuras persoas profesionais e científicas.



BAIXO MIÑO

TUI

VIII Festa do Miño en Tui

Gastronomía, música, deporte, natureza... son parte dos ingredientes que terá o sábado, 18 de agosto, a VIII Festa do Miño. Un evento que foi presentado esta mañá na casa do concello de Tui polo alcalde, Carlos Vázquez Padín, o concelleiro de Cultura e Deportes, Eduardo Freiría, o músico, Anxo Lorenzo, músico, representantes das asociacións culturais Seixos Albos de Areas, Lembranzas da Terra de Guillarei, Santiago de Malvas, Laxes de Paramos, Aloia de Pazos de Reis, O Mosteiro de Pexegueiro, Xuntanza de Randufe, San Fins de Rebordáns, Santa Columba de Ribadelouro, Traxe Tradicional de Tui, Espenicelo de San Bartolomé, e San Telmo de Tui.

O río Miño en Caldelas e na rúa Olímpicos Tudense, e a rúa Lugo serán o escenario da VIII Festa do Miño que comezará cunha romaría popular en Caldelas, previa á saída ás 16h do Descenso Popular no que se baterá record de participación con 850 inscritos. Ás 18.30h a cita estará na beira do Miño en Salvaterra, a carón da Ponte Internacional, onde se dará a saída do Descenso Internacional que reunirá a preto de 600 padeeiros que loitarán por facerse coa vitoria nesta proba destacada do calendario galego e levarse o trofeo obra do escultor Juan Oliveira.

Dende ás 20h a cita estará na rúa Lugo coa VIII Festa Gastronómica con 24 postos de comida e 6 de bebida a cargo das asociacións culturais Seixos Albos de Areas, Lem-

branzas da Terra de Guillarei, Santiago de Malvas, Laxes de Paramos, Aloia de Pazos de Reis, O Mosteiro de Pexegueiro, Xuntanza de Randufe, San Fins de Rebordáns, Santa Columba de Ribadelouro, Traxe Tradicional de Tui, Espenicelo de San Bartolomé, e San Telmo de Tui. Aos prezos de 1, 2 e 3€ ofrecerán petiscos tradicionais dende empanada de millo, a bocadillos, tortilla, pan de broa, paella, sobremesas caseiras... e coma novidade haberá tamén empanada e sobremesas veganas.

Ás 22.30h Anxo Lorenzo ofrecerá, nas súas propias palabras "un concerto moi especial e único en Galicia" no que interpretará en primicia temas do seu novo traballo "Vortex", cuxa presentación oficial non será até setembro.



47º Descenso Internacional do Miño



O río Miño será o protagonista en Tui coa celebración do 47º Descenso Internacional do Miño e o 8º Descenso Popular do Miño organizado polo Club Kaiak Tudense Axuda Paramos, o Concello de Tui e a Federación Galega de Piragüismo. As dúas probas reunirán a máis de 1400 padeeiros batendo todo un récord de participación a catro días de que se peche a inscrición. Será a primeira vez que se celebren co recoñecemento de Festa de Interese Turístico de Galicia.

Estes eventos foron presentados na rúa Olímpicos Tudense, a carón do río, onde estará a chegada dos dous descensos. O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, sinalou que esta declaración de Festa de Interese Turístico pon de relevo a importancia que a proba ten na cidade. Ao tempo expuxo que se trata dunha competición espectacular polo atractivo de natureza que presenta, e por combinar un descenso popular e o internacional. Afirmou amais que dende o Concello entende que o Descenso é unha proba a potenciar.

No mesmo senso pronunciouse

o concelleiro de Deportes, Eduardo Freiría, sinalando que o Concello sempre apoiará o descenso buscando maior atracción, e aludiu ao novo cariz que adquire a proba coa declaración de Festa de Interese Turístico Galego e reunindo a dimensión lúdica e a popular.

O presidente do Club Kaiak Tudense, Diego Piña, foi o responsable de dar os datos técnicos das dúas probas. O Descenso Popular, que sairá ás 16h dende Caldelas, baterá récord de participación xa que até o momento hai 830 inscricións. Mentres no Internacional, cuxa saída será ás 18.30h dende terra en Salvaterra reunirá a 600 padeeiros. Entre os favoritos á vitoria destacou a Amaia Osaba, que gañou en até 7 ocasións no Miño, que será unha dura rival para as padeeiros locais Tania Fernández e Ana Varela. No k2 está pendente de confirmar a participación do K2 do Tudense Emilio Llamado e Pedro Vázquez, que se impuxeron no Sella na fin de semana. En c1 Manu Garrido é o favorito, e en k1 parte con opción Aaron Diéguez que terá coma rival a Franco Balboa.

Programa

12.00 h Inicio da **VII Romaría Popular** na ribeira de Caldelas. Xantar Campestre
16.00 h Saída do **VIII Descenso Popular do Miño** dende a ribeira de Caldelas.
+info www.kayaktudense.org
18.30 h Saída do **XLVII Descenso Internacional do Miño** dende Salvaterra
19.30 h Chegada do Descenso Internacional do Miño fronte ás gradas da rúa Olímpicos Tudenses
20.00 h **VII Festa Gastronómica** na rúa Lugo. 24 postos de comida e bebida
20.30 h Entrega de premios do XLVII Descenso Internacional do Miño
22.30 h Concerto de **Anxo Lorenzo Band** na rúa Lugo

www.novasdoeixoatlántico.com

PORTUGAL

Bienal de Cerveira inaugurada pelo Ministro da Educação

O Ministro da Educação, Tiago Brandão Rodrigues, presidiu a inauguração da XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira no Fórum Cultural de Cerveira.

Assinalando os seus 40 anos, a 20.ª edição da bienal de arte mais antiga do país presta a sua homenagem a um dos máximos expoentes do surrealismo português, o mestre Cruzeiro Seixas, que também marcará presença na abertura do evento. Voltando-se a realizar em anos pares, a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira está de regresso e volta a marcar o calendário nacional de eventos de 10 de agosto a 23 de setembro, sob o tema “Artes Plásticas Tradicionais e Artes Digitais – O Discurso da (Des)ordem”.

“O momento é, claramente, de celebração de um êxito conquistado e consolidado ao longo de décadas. Vai apresentar mais de 600 obras de 400 artistas de mais de 30 países”, refere o Presidente da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, Fernando Nogueira.

Cruzeiro Seixas, um dos máximos expoentes do surrealismo português, é o ar-

tista homenageado e será apresentada uma retrospectiva da sua obra plástica e poética. Através das 120 peças em exposição, provenientes de coleções públicas e privadas, será proposta ao público uma nova reflexão sobre o movimento artístico.

Mantendo-se estruturado segundo o modelo que a caracterizou ao longo de um percurso iniciado em 1978, o evento integra ainda projetos curatoriais, artistas convidados, representações de 21 instituições de ensino superior nacionais e estrangeiras, performances, residências artísticas, workshops, ateliers infantis, conferências e debates, visitas guiadas e espetáculos.

O ato inaugural foi apresentado pela atriz Mariana Monteiro e contou, entre outros momentos, com a atuação do maestro e compositor português, Rui Massena e a performance do artista coreano ShinYongGu.

Nas últimas décadas a Bienal Internacional de Arte de Cerveira tem-se afirmado como um dos acontecimentos mais marcantes das artes plásticas no nosso país, sendo um evento de referência para a cultura artística nacional e interna-



cional. De recordar que é a país e da Península Ibérica bienal de arte mais antiga do em termos de atividade.

Horário: segunda a sexta-feira: 14h30-22h30; sábados, domingos e feriados: 10h30-22h30

Bilheteira: Preço do bilhete normal 3€. Desconto de 50% com cartão jovem, de estudante e seniores com mais de 65 anos e pessoas com mobilidade reduzida. Entrada gratuita para crianças até aos 12 anos.

O Crochet Sai à Rua em Cerveira

A 3ª edição d’ ‘O Crochet Sai à Rua’ está a decorrer até 30 de setembro, graças ao envolvimento da comunidade, comerciantes, Juntas de Freguesia e IPSS’s.

Centenas de pessoas envolvidas e de novelos de lã, vários meses a trabalhar. Há ruas totalmente ornamentadas em crochet com arcos festivos, com toldos de flores, a fachada de uma casa minuciosamente forrada a crochet e com peças e miniatura que não passam despercebidas a quem passa. A marcar o início e final de cada rua, eis que se vislumbram umas figuras enormes. São 7 bonecas e um ‘cavalheiro’ com cerca de 2,5 metros cada, totalmente vestidas em crochet pelas Juntas de Freguesia, ostentando vestidos de gala, trajes alto-minhotos, e até personagens conhecidas da Disney.



Autarquia promove 2ª edição do Caminho de Santiago de Compostela, a pé e por etapas

Devido à grande adesão na 1ª edição do Caminho de Santiago por etapas, o Município de Vila Nova de Cerveira, em parceria com o Clube de Celtas do Minho, decidiu apresentar uma 2ª edição a decorrer entre agosto e fevereiro. Limitadas a 50 participantes, inscrições já estão abertas.

Integrada na atividade ‘Cerveira Saudável’ 2018, a experiência lançada em março foi muito bem acolhida pelos ‘caminhantes’ inscritos. As vagas dis-

ponibilizadas foram de imediato preenchidas, havendo pessoas interessadas em percorrer o Caminho Português da Costa, entre Vila Nova de Cerveira e Santiago.

Desta forma, Município e Clube Celtas do Minho avançam com nova realização das seis etapas propostas, sempre no último domingo de cada mês, entre os meses de agosto de 2018 e fevereiro de 2019 (com exceção de dezembro).

No total são 144 quilómetros divi-

didos da seguinte forma:

- 1ª etapa: dia 26 de agosto, Cerveira – Tuy (25 km)
- 2ª etapa: dia 30 de setembro, Tuy – Redondela (29 km)
- 3ª etapa: dia 28 de outubro, Redondela – Pontevedra (24 km)
- 4ª etapa: dia 25 de novembro, Pontevedra – Caldas de Rei (23 km)
- 5ª etapa: dia 27 de janeiro, Caldas de Rei – Padrón (19 km)
- 6ª etapa: dia 24 de fevereiro, Padrón – Santiago (24 km)

As inscrições são obrigatórias e têm o custo de 6 euros por etapa, sendo limitadas a 50 participantes por cada percurso.

A primeira etapa tem ponto de encontro na Junta de Freguesia de Gondarém, às 7h30, enquanto que as restantes partidas passam a ser junto ao Centro Coordenador de Transportes de Cerveira, onde o autocarro fará a ligação à última etapa percorrida, havendo regresso assegurado para o final da tarde.

A galega Nadia Vázquez Martínez gaña en Châteu d'Ars, Francia, o primeiro premio no concurso solista de cornamusas (gaitas)

Por Juan Louzán

O festival internacional de gaitas Le Son Continu celebrado en Châteu d'Ars (Francia), ten moito valor e prestixio, porque a el acoden artistas de moitas partes de mundo. Ata agora só un galego, en 1989, conseguira alzarse co primeiro premio: Antón Varela, artesán e gaiteiro de moita fama, falecido o ano pasado.

A pesar de que pasou un mes de tan grande noticia, e ter cobertura na prensa francesa, sorprendentemente en Galiza apenas tivo a acollida merecida. Agora, co seu regreso tras un mes de estadía en Francia, os



medios galegos comezan a facerse eco desta nova que sorprendeu a Galicia coa obtención dun novo premio na música. A chegada ao seu fogar foi acollida pola familia, amigos, veciños e compañeiros que compartiron con grande agarimo o éxito logrado por Nadia, con este trunfo convértese na primeira muller galega en conseguir este premio. E segundo gaiteiro galego en logralo, tras o erudito Varela. O seu talento débese a moitas horas de dedicación e ensaios cada día, os que fixeron posible que se convertese na galega máis nova premiada no concurso, posto que Nadia Vázquez conta

só con 21 anos.

Pasaron xa 29 anos dende que o mestre Antón Varela gañara o Primeiro Premio deste Festival de Gaitas. Pero o 13 de xullo de 2018, quedará gravado con letras de ouro o nome da galega Nadia Vázquez Martínez, unha rapaza talentosa, de tan só 21 anos. Agora Nadia Vázquez logrou para o seu país natal, con gran repercusión no mundo da gaita, alzarse coa vitoria no escenario internacional de Francia, no festival de Le Son Continu.

A biografía de esta campesina/guardesa, é abundante. Comezou con tan só 9 anos a tocar a gaita no Conservatorio. O curso pasado foi estudante

Erasmus na Universidade LUCA School of Arts, Campus Lemmens (Bélgica), onde estudou Musette Barroca co prestixioso doutor Jean-Pierre Van Hees, famoso especialista de gaitas no mundo. (Autor do tratado Cornemuses: Un infini sonore, o máis grande estudo sobre a familia das gaitas). Actualmente, atópase finalizando os seus estudos de gaita no Conservatorio Superior de Música de Vigo con Rebeca Carrera e anteriormente, no Conservatorio Profesional de Tui obtivo o Premio de Fin de Grado na especialidade de Gaita (2015). Ademais, é membro do grupo Traspés de Vigo como solista é tamén membro de outras

agrupacions. A súa carreira complementase con cursos e obradoiros de prestixiosos músicos, como Daniel Bellón, Marcos Campos, Pablo Devigo, Xurxo Fernández e outros mestres.

Con este trunfo Nadia Vázquez comeza a ser recoñecida en moitos escenarios europeos como unha das mellores solistas de gaita. Coñecen o seu talento en Bélxica, Croacia, Francia, Portugal e, por suposto, en España, onde tamén participou en varios concursos de gaita solista como XVII Concurso de Música Tradicional Xacarandaina (A Coruña), 1º premio (2016), I Concurso de gaita e tamboril de Tui, 2º premio (2015).



inmobiliaria
laguardia

San Roque nº 18 - A Guarda
www.riveirasa.com 986 611 452



Promocion
S. Miguel

EN O ROSAL

Promocion
Couselo

